

## **Acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a coordinación das ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril).

E doutra, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril).

Interveñen en representación dos seus respectivos cargos e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional ten por obxecto a regulación do réxime de formación profesional e de acompañamento profesional que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía española, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.



Esta lei, no seu artigo 5, indica que o Sistema de Formación Profesional está composto polo conxunto articulado de actuacións dirixidas a identificar as competencias profesionais do mercado laboral, asegurar as ofertas de formación idóneas, posibilitar a adquisición da correspondente formación ou, no seu caso, o recoñecemento das competencias profesionais, e poñer ao dispor das persoas un servizo de orientación e acompañamento profesional que permita o deseño de itinerarios formativos individuais e colectivos.

É función do sistema de Formación Profesional o desenvolvemento persoal e profesional da persoa, a mellora continuada da súa cualificación ao longo de toda a vida e a garantía da satisfacción das necesidades formativas do sistema produtivo e do emprego, que se desenvolverá conforme a un modelo de formación profesional, de recoñecemento e acreditación de competencias e de orientación profesional baseado en itinerarios formativos facilitadores da progresión na formación.

Este modelo asegurará, en todo caso, a apertura da formación profesional a toda a poboación, incluíndo a preparación para o primeiro acceso ao mundo laboral, a formación profesional continua e a readaptación profesional, coa orientación profesional e acompañamento que cada persoa precise, así como a achega dos coñecementos e as habilidades profesionais necesarios para unha actividade profesional cualificada nun mundo laboral cambiante; a adquisición, mantemento, adaptación ou ampliación das habilidades e competencias profesionais e o progreso na carreira profesional; e a participación no procedemento de recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais.

**Segundo.** O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo (BOE núm. 174, do 22 de xullo) ten por obxecto o desenvolvemento do sistema único e integrado de Formación Profesional regulado pola Lei Orgánica 3/2022, que permita, por unha parte, a cualificación e recualificación permanente das persoas mozas e das persoas traballadoras, ocupadas ou desempregadas, ao longo de todo o seu período vital e laboral e, por outra, o axuste entre a oferta formativa -en todos e cada un dos seus grados- e a demanda de traballo, incorporando e integrando na formación as transformacións froito da dixitalización, a transición ecolóxica e a sostibilidade en todos os sectores económicos, todo iso dende o traballo conxunto e compartido de todas as administracións ás que lles corresponda a xestión da Formación Profesional en cada territorio.



**Terceiro.** A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece que a formación profesional no sistema educativo comprende un conxunto de ciclos formativos e cursos de especialización cunha organización modular, de duración variable e contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais. Os ciclos formativos serán de grao básico, de grao medio e de grao superior, e constituirán, respectivamente, a formación profesional de grao básico, a formación profesional de grao medio e a formación profesional de grao superior.

**Cuarto.** Os estudos de formación profesional regulados nesta lei, tendo en conta o establecido no artigo 77 da Lei Orgánica 3/2022, poderán realizarse nos centros establecidos e xestionados polas administracións competentes ao efecto, así como os autorizados por estas administracións para impartir ofertas de formación profesional en calquera dos graos previstos na devandita lei orgánica, de xeito exclusivo ou simultaneamente con outro tipo de educación ou formación, sempre que conclúan oficialmente en acreditacións, certificados e títulos de formación profesional.

**Quinto.** No artigo 3 do Real Decreto 62/2022, do 25 de xaneiro, de flexibilización dos requisitos esixibles para impartir ofertas de formación profesional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, así como da oferta de formación profesional en centros do sistema educativo e de formación profesional para o emprego, establécese que os espazos e equipamentos especificados pola administración educativa competente no establecemento do currículo dos títulos de formación profesional e cursos de especialización como requisitos para a impartición, consideraranse adecuados e suficientes para a impartición dos certificados profesionais, e outras accións formativas de formación profesional para o emprego nas que se acrediten, total ou parcialmente, as mesmas cualificacións profesionais incluídas en ditos títulos ou cursos de especialización.

Así mesmo, no seu artigo 4, dispón que o profesorado do sistema educativo poderá impartir módulos formativos de certificados profesionais, tendo en conta a correspondencia das unidades de competencia asociadas aos módulos profesionais, e recollidas expresamente nas normas reguladoras de cada título de formación profesional ou certificado profesional, cos módulos profesionais para a súa validación, así como a atribución docente destes módulos profesionais.



**Sexto.** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece anualmente a programación de accións formativas de formación profesional para o emprego dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, que teñen por obxecto a súa cualificación profesional.

Pola súa banda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autoriza cada curso escolar a oferta de ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo na nosa Comunidade Autónoma coa finalidade de preparar ao alumnado para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

**Sétimo.** Tal e como se recolle no último Acordo de Diálogo Social asinado en Galicia en decembro do 2019, corresponde ás administracións públicas poñer todos os medios ao seu alcance para loitar contra o desemprego, constituíndo as políticas activas de emprego o instrumento axeitado para isto. Dentro destas políticas destacan, por unha banda, a formación, que ocupa un papel fundamental para mellorar a cualificación e a empregabilidade das persoas traballadoras, de forma que aumenten as súas posibilidades de inserción no mercado de traballo e, por outra, o fomento do emprego, como mecanismo de inserción e permanencia no mercado de traballo.

En base a todo o anterior, e ao abeiro do disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto dos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíproca entre órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, considérase necesaria a coordinación destas Consellerías en dous ámbitos distintos. Por unha banda, a coordinación da Formación Profesional do sistema educativo que se imparte nos Centros de Formación Profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e; por outra banda, a Formación Profesional para o emprego que se imparte nos centros educativos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Así mesmo, co fin de contribuír á mellora das cualificacións e da formación profesional, en conexión coa política de desenvolvemento económico e social e coa política industrial e de emprego, no exercicio das súas respectivas competencias e en cumprimento dos seus obxectivos, ambas consellerías consideran necesaria a colaboración para coordinar a oferta



formativa de formación profesional nos centros educativos que impartan estas ensinanzas na nosa Comunidade Autónoma.

En consecuencia, ambas consellerías subscriben este Acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do Acordo**

O presente Acordo ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para coordinar as ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional da nosa Comunidade Autónoma, durante o seu período de vixencia, e adecuala ás demandas e necesidades do tecido produtivo de Galicia.

Así, a referida colaboración articularase a través das seguintes actuacións:

- A autorización pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da impartición da oferta das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo referidas neste acordo en centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- A autorización pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da impartición das accións formativas de formación para o emprego referidas neste acordo en centros educativos que ofrezan ensinanzas de formación profesional dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

### **Segunda. Actuacións relativas á autorización de ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autoriza dentro do período de vixencia deste acordo, para o curso 2025-2026, a impartición da oferta modular das



ensinanzas de formación profesional do sistema educativo indicada a continuación, nos seguintes Centros Integrados de Formación Profesional, dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:

- Centro Integrado de Formación Profesional Santiago (Santiago de Compostela): familia profesional de Agraria, módulos do CS Xestión forestal e do medio natural (2 grupos).
- Centro Integrado de Formación Profesional de Coia (Vigo): familia profesional de Instalación e Mantemento, módulos do CM Mantemento electromecánico (2 grupos) e do CS Mecatrónica industrial (2 grupos); familia profesional de Electricidade e electrónica, módulos do CS Automatización e Robótica Industrial (2 grupos) e familia profesional de Fabricación Mecánica, módulos do CM Dual de Mecanizado (2 grupos).

Ademais, autorízase a impartición na Escola de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu de módulos profesionais específicos asociados a unidades de competencia correspondentes ao ciclo formativo de formación profesional básica Actividades marítimo-pesqueiras (1 grupo) que se imparte no Instituto de Educación Secundaria Johan Carballeira de Bueu.

Adicionalmente, autorizará para o curso 2026-2027 a impartición da oferta das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo nos Centros Integrados de Formación Profesional dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que se recolla nas ordes pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, en oferta ordinaria, modular e dual intensiva, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2026-2027.

### **Terceira. Financiamento destas actuacións.**

#### **a) Por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:**

Respecto ás ensinanzas de formación profesional do sistema educativo do Centro Integrado de Formación Profesional Santiago, do Centro Integrado de Formación Profesional de Coia, e do Centro Integrado de Formación Profesional Santa María de Europa, e sempre que estas se impartan, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá:

- Os gastos ordinarios específicos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das referidas ensinanzas por un importe de 8.000 euros, para cada grupo de cada curso



e ciclo, e con cargo ao concepto orzamentario 07.04.422M.229, no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos, incluídos os consumibles, material informático, reposición de elementos e mantemento preventivo e reparación de maquinaria e elementos tecnolóxicos.

- O persoal docente, con cargo ao cupo de profesorado de ensino secundario asignado a esta consellería, que sexa necesario para impartir naqueles módulos ou naquelas ensinanzas que contén co número mínimo de alumnado que se estableza nas ordes polas que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo.

Respecto aos módulos profesionais específicos que se imparten na Escola de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá:

- Os gastos ordinarios específicos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento dos ditos módulos, con cargo ao concepto orzamentario 07.04.422M.229, no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos, incluídos os consumibles, material informático, reposición de elementos e mantemento preventivo e reparación de maquinaria e elementos tecnolóxicos.

O importe total dos gastos ordinarios de funcionamento (88.000 euros, como suma total de 8.000 euros por cada un dos 11 grupos) será achegado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con cargo a aplicación orzamentaria 07.04.422M.229 dos orzamentos da Dirección Xeral de Formación Profesional para o exercicio 2026.

Este importe será obxecto da oportuna retención de crédito para transferencias e a dita transferencia dará lugar, unha vez asinado o acordo, a un expediente de ampliación de crédito que será tramitado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na aplicación orzamentaria 14.03.323A.229.

A modificación orzamentaria instrumentarase a través dos correspondentes documentos contables que permitan as achegas entre departamentos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g do Decreto Legislativo 1/ 1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).



### **b) Por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración atenderá os gastos xerais das instalacións dos centros referidos na cláusula segunda; así como os derivados da conservación, reparación e mantemento dos centros, como titular dos mesmos.

### **Cuarta. Dependencia dos centros de referencia para estas actuacións**

A todos os efectos académico-administrativos as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo que se impartan nos centros dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sinalados na cláusula segunda formarán parte da oferta formativa dos seguintes centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- O Centro Integrado de Formación Profesional Santiago formará parte da oferta formativa do CIFP Politécnico de Santiago de Santiago de Compostela.
- O Centro Integrado de Formación Profesional de Coia formará parte da oferta formativa do IES Politécnico de Vigo.
- O Centro Integrado de Formación Profesional Santa María de Europa formará parte da oferta formativa do IES Universidade Laboral de Ourense.
- Os módulos impartidos na Escola de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira de Bueu formarán parte da oferta formativa do IES Johan Carballeira de Bueu.

Correspóndelle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o establecemento, desenvolvemento e supervisión dos planos educativos propios da consellería, quedando os centros nos seus ciclos formativos específicos sometidos á inspección educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

### **Quinta. Actuacións relativas á autorización de accións formativas de formación para o emprego en centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**



A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración autoriza impartir nos centros educativos que ofrezan ensinanzas de formación profesional dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, as accións formativas de formación para o emprego que se relacionan no anexo I deste Acordo, á vista da proposta de accións formativas a impartir realizada con anterioridade pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e das necesidades formativas detectadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na modalidade presencial.

As accións formativas poderán ser ampliadas durante a vixencia do Acordo, con posterioridade á súa sinatura, previa solicitude de calquera das partes e sempre e cando concorran circunstancias ou necesidades detectadas que o xustifiquen. A ampliación requirirá, en todo caso, a autorización da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Para esta finalidade, poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para este acordo. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Cada acción formativa está constituída polo contido específico das especialidades formativas conducentes á obtención de certificados profesionais e polos módulos transversais aos que se refire este Acordo. Cada certificado acredita o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral.

No marco deste Acordo, en todas as accións formativas será obrigatorio impartir o módulo transversal de Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero (FCOO03) cunha duración de 10 horas, das cales, cando menos dúas horas, deberán referirse á igualdade de xénero, vinculada coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica, coa finalidade de dar cumprimento ao que preceptúa a disposición á que se refire o seguinte parágrafo.

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 124 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de oito horas (FCOXXX24).



De igual xeito, no marco deste Acordo, será obrigatoria a impartición do módulo de prevención de riscos laborais (FCOXXX26), de 60 horas, excepto cando o programa da oferta formativa inclúa a realización do módulo de prevención básica de riscos laborais de 60 horas. A impartición da formación en prevención de riscos laborais realizarase con carácter previo á formación en empresa.

A superación da formación impartida no módulo de prevención de riscos laborais garantirá o nivel de coñecementos necesarios para desempeñar as funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro (RSP). Esta formación impartirase por persoal cualificado co contido mínimo do programa de formación establecido no anexo IV do RSP. Naqueles sectores ou actividades en que o seu respectivo convenio colectivo regule a formación en prevención de riscos laborais de nivel básico, deberá impartirse de acordo co indicado nel.

O alumnado que xustifique documentalmente estar en posesión dun diploma oficial que acredite formación en materia de prevención de riscos laborais de 60 horas ou dun diploma de técnico intermedio ou superior de riscos laborais, estará exento de realizar o módulo transversal de prevención de riscos laborais.

A formación en empresa terá unha duración do 25 por cento da duración total prevista no certificado profesional. Naqueles certificados profesionais vixentes para os que o tanto por cento de horas de formación en empresa sexa inferior á citada porcentaxe, procederase a incrementar o número de horas de formación en empresa ata acadar o tanto por cento mínimo establecido. Naqueles certificados profesionais vixentes para os que o tanto por cento de horas de formación en empresa sexa superior ao 25%, non se realizará ningunha modificación na súa duración.

Para todos os certificados profesionais, a duración do período de formación en empresa distribuirase proporcionalmente ao número de horas entre o resto dos módulos profesionais que conforman o certificado. A redistribución das horas de formación en empresa non suporá un aumento do número de horas totais do certificado e será realizada e recalculada pola aplicación informática SIFO.



Con anterioridade ao inicio da formación en empresa, o alumnado deberá ter cursado a formación correspondente para acadar as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais.

## **Sexta. Financiamento destas actuacións.**

### **a) Por parte da Consellería competente en materia de emprego**

O importe total das accións formativas ascende a **3.795.474,00 euros** que será financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con cargo a fondos finalistas do Estado distribuídos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e orzamentados na aplicación 14.03.323A.229 dos orzamentos da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do exercicio 2026.

Este importe será obxecto da oportuna retención de crédito para transferencias e a dita transferencia dará lugar, unha vez asinado o acordo, a un expediente de ampliación de crédito que será tramitado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nas seguintes aplicacións orzamentarias:

- 07.05.422M.151. Gastos de docencia por importe de 1.319.687,00 euros.
- 07.05.422M.160.00 Gastos de seguridade social do profesorado por importe de 220.824,98 euros.
- 07.04.422M.229. Gastos non docentes directos e indirectos por importe de 2.254.962,02 euros.

As modificacións orzamentarias instrumentaranse a través dos correspondentes documentos contables que permitan as achegas entre departamentos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g do Decreto Legislativo 1/ 1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

Respecto das accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas referidas na cláusula quinta, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asumirá os custos directos e asociados das accións formativas, que se fixarán de acordo co establecido na Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das



administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Os importes totais de cada acción formativa son os establecidos no anexo I deste Acordo, e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establecerá as contías dos diferentes custos asociados, docentes e non docentes (tanto directos como indirectos).

#### **b) Por parte da Consellería competente en materia de educación**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión do pagamento dos custos do profesorado dos cursos de formación para o emprego que se impartan nos centros educativos dependentes desta consellería.

Asumirá igualmente a xestión do pagamento dos gastos non docentes, tanto directos, como indirectos, dos cursos de formación para o emprego que se impartan nos centros educativos atendendo ás instrucións establecidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

#### **Sétima. Xestión da formación profesional para o emprego.**

Os datos correspondentes á xestión e seguimento das accións formativas deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego pon á disposición dos centros, na cal terá que constar toda a información precisa sobre a formación e o alumnado participante.

#### **Oitava. Obrigas da Consellería competente en materia de educación respecto destas actuacións**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional levará a cabo todas as actuacións conducentes á instrumentación do correspondente expediente administrativo axustándose á normativa reguladora do Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional garante que o profesorado seleccionado para impartir a docencia reúne os requisitos de formación académica e experiencia profesional esixidos pola normativa correspondente.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a levar a cabo as xestións precisas para que todos os datos dos cursos e do alumnado participante estean incluídos en SIFO en tempo e forma segundo o establecido na Orde que



regula as accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas da Comunidade Autónoma de Galicia vixente no momento do desenvolvemento das accións formativas, en adiante, Orde AFD. En particular, deberá incluírse na aplicación informática, nos prazos que corresponda, a documentación esixida na Orde AFD, en relación á xestión da execución das accións formativas e á formación en empresa.

O número mínimo de alumnado para poder iniciar unha acción formativa é de 8 persoas.

Non se poderá iniciar ningún curso sen a previa validación do mesmo por parte do persoal técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da aplicación informática SIFO.

#### **Novena. Control de asistencia ás accións formativas**

O alumnado estará obrigado a efectuar o control de presenza mediante partes de asistencia que deberán asinar diariamente ao inicio e ao final da actividade (de ser a acción formativa en horario de mañá ou de tarde), e catro veces ao día, de impartirse a acción formativa en xornada partida: ao inicio e ao final da xornada de mañá e ao inicio e ao final da xornada de tarde. Estes partes deberán identificar as persoas participantes e expresar as horas realizadas diariamente por cada unha delas, e reflectir expresamente o número de horas de ausencia.

Os documentos asinados deberán subirse á aplicación informática SIFO e, así mesmo, o centro deberá mecanizar as asistencias e/ou ausencias no sistema informático.

#### **Décima. Bolsas e axudas**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asumirá o pagamento das axudas e bolsas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.

Coa finalidade de facilitar ao alumnado participante o acceso ás bolsas e axudas reguladas mediante as correspondentes convocatorias periódicas do procedemento TR301V, os centros beneficiarios do financiamento colaborarán, a través da persoa coordinadora de cada curso, na tramitación das solicitudes de bolsas e axudas que efectúe o alumnado desempregado. Así mesmo, as persoas responsables da coordinación dos cursos colaborarán coas unidades administrativas do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e



Emigración para garantir que a instrución e tramitación que efectúen os centros educativos repercutan na xestión eficiente das correspondentes solicitudes.

Esta colaboración levará consigo, como mínimo, as seguintes tarefas, fundamentalmente a través da administración electrónica:

- Informar o alumnado, en tempo e forma, dos dereitos que ostentan en canto á percepción de bolsas e axudas, así como dos prazos para presentar a solicitude e da documentación necesaria.
- Auxiliar o alumnado no trámite de solicitude, facilitando os medios electrónicos axeitados para que poida facer efectiva, por esta vía, a súa solicitude e incorporar a documentación complementaria nos prazos establecidos.
- Fomentar que o alumnado delegue expresamente no persoal do centro a formulación da solicitude sempre que este último o considere conveniente. Nestes casos, o persoal do centro encargárase tamén de remitir a documentación complementaria de xeito electrónico e, sempre que o alumno ou a alumna o elixa, as notificacións e comunicacións da administración con este alumnado realizaranse por vía electrónica a través do enderezo electrónico do centro.
- Colaborar co alumnado na contestación aos requirimentos de corrección das solicitudes e actualizar dilixentemente e, en calquera caso, antes dos límites establecidos, a información para a tramitación e xestión das bolsas e axudas na aplicación SIFO.

Será responsabilidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional velar polo cumprimento desta obriga de colaboración co alumnado, cando así sexa requirida e autorizada pola persoa participante, para evitar situacións que poidan dar lugar á perda do dereito ao recoñecemento ou pagamento dunha subvención por bolsa ou axuda por parte dunha persoa traballadora desempregada que tivese dereito a ela.

### **Décimo primeira. Priorización de persoas participantes.**

Terán preferencia para a participación nos cursos aos que se refire este Acordo os colectivos de persoas desempregadas que en cada momento determine a Orde AFD. De non acadar o número mínimo de persoas candidatas que cumpran estas condicións, poderase convocar a outras



persoas interesadas na participación da acción formativa de acordo cos criterios que a tal efecto estableza a Orde AFD.

### **Décimo segunda. Organización da formación**

A efectos de facilitar o desenvolvemento dos cursos de formación para o emprego nos centros educativos, e atendendo ás compatibilidades nos horarios do profesorado e no uso das instalacións, posibilitarase a impartición simultánea de distintos módulos formativos e a modificación da orde de impartición, salvo que o Real decreto que o regula o denegue expresamente.

As unidades formativas establecidas dentro de cada módulo terán que ser impartidas na orde que establece o Real decreto que regula o certificado profesional en cuestión ou cos requisitos que imponha a especialidade formativa correspondente e só se poderá variar si así o permite dita normativa.

Asemade, e á solicitude do centro interesado, o Departamento Territorial correspondente poderá autorizar a impartición dun número máximo de 6 horas diarias de formación.

No prazo dun mes dende o remate dunha acción formativa, dados de alta no sistema informático SIFO os resultados individuais obtidos polo alumnado nos diferentes controis e probas de avaliación, e previa solicitude do centro de formación, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego procederá a emitir os correspondentes diplomas de acordo cos criterios establecidos na Orde AFD.

### **Décimo terceira. Cotización das prácticas formativas na Seguridade Social**

As prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades, realizadas polo alumnado de formación profesional, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, segundo o establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE núm. 261, do 31 de outubro).

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional será competente para a alta e baixa do alumnado e para a xestión e pago das continxencias que correspondan. O



importe derivado da xestión e pago destas contingencias entenderase incluído na partida de gastos non docentes directos e indirectos á que se fai referencia na cláusula sexta.

#### **Décimo cuarta. Réxime de resolución de incidencias de execución**

As incidencias non reguladas neste marco de colaboración que poidan xurdir na execución das accións formativas que se impartan ao abeiro deste Acordo, resolveranse segundo o disposto na Orde AFD.

#### **Décimo quinta. Análise das accións formativas impartidas**

Para documentar a efectividade deste Acordo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitirá ao remate do Acordo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración un informe para a súa análise conxunta, no que se recollerá información cuantitativa acerca do alumnado, procedente do sistema SIFO, e información cualitativa sobre o desenvolvemento do curso.

Así mesmo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitirá á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración un informe sobre a execución financeira dos fondos transferidos.

#### **Décimo sexta. Acreditación de competencias profesionais**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establecerán o mecanismo necesario para dar cumprimento ao establecido no artigo 91 da Lei Orgánica 3/2022 no relativo a garantir a participación no procedemento de recoñecemento e acreditación de competencias profesionais ás persoas rexistradas en procura de emprego para que poidan participar no mesmo como elemento previo a calquera formación, e ás persoas ocupadas que estean a realizar calquera acción de formación profesional para que poida participar simultaneamente no procedemento.



### **Décimo sétima. Comisión de seguimento**

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando así o estime oportuno, co obxecto de determinar a programación, o seguimento e a avaliación das accións previstas no Acordo.

Esta comisión estará constituída por:

- Tres persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Tres persoas representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Unha persoa funcionaria de calquera das dúas consellerías, que actuará como secretaria.
- A comisión de seguimento, para o desenvolvemento operativo das súas funcións, contará co apoio dunha subcomisión técnica especializada e que estará formada por dúas persoas representantes dos centros educativos nomeados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e por dúas persoas representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

### **Décimo oitava. Modificacións das accións formativas**

As accións formativas de formación para o emprego obxecto deste convenio poderán modificar os seus contidos ou a súa duración da acordo coa normativa que as regula.

Así mesmo, e previo acordo da comisión de seguimento, o importe destinado a accións formativas que non se puidesen realizar por non acadar o número mínimo de participantes recollido na cláusula oitava ou por outras razóns organizativas, poderase destinar a realizar novas oferta formativas.

### **Décimo novena. Vixencia do Acordo**

Este Acordo estará vixente dende o día seguinte á súa sinatura e ata o 31 de decembro do 2026.

O Acordo poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses e non terá efecto ata a finalización das accións formativas que se estean levando a cabo.



### **Vixésima. Protección de datos de carácter persoal**

O responsable do tratamento dos datos incorporados ao sistema informático SIFO é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A lexitimación para o tratamento dos datos ven dada polo cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).

Non están previstas transferencias nin cesións de datos.

As persoas participantes que, por razón das actividades formativas previstas neste Acordo, teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

### **Vixésimo primeira. Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico así como pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Ás cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no artigo 18 da citada Lei 14/2013.

### **Vixésimo segunda. Publicidade**

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste acordo de colaboración sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



En proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo.

O conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional

O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración

Román Rodríguez González

José González Vázquez



## Anexo I

### Accións formativas de formación para o emprego

Provincia	Concello	Código de centro	Centro	Código de certificado	Certificado	Horas	Importe total (€)
A Coruña	A Coruña	15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	COMT0112	Actividades de xestión do pequeno comercio	530	34.907,03
A Coruña	A Coruña	15005269	IES Urbano Lugrís	ELEM0111	Montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos	480	40.127,97
A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	SANT0108	Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	460	44.675,54
A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	40.628,12
A Coruña	A Coruña	15024513	CIFP Someso	FMEH0109	Mecanizado por arranque de labra	620	56.036,99
A Coruña	A Coruña	15024513	CIFP Someso	IMPP0108	Coidados estéticos de mans e pés	360	35.195,97
A Coruña	A Coruña	15024513	CIFP Someso	TMVG0209	Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos	520	48.917,15
A Coruña	A Coruña	15027800	CIFP Imaxe e Son	IMSV0108	Asistencia á produción cinematográfica e de obras audiovisuais	490	45.726,47
A Coruña	A Coruña	15027800	CIFP Imaxe e Son	IMSV0408	Asistencia á dirección cinematográfica e de obras audiovisuais	440	44.312,21
A Coruña	A Coruña	15027897	CIFP Paseo das Pontes	HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	290	30.230,06
A Coruña	A Coruña	15027897	CIFP Paseo das Pontes	TCPF0109	Arranxos e adaptacións de pezas e artigos en téxtil e pel	390	36.658,42
A Coruña	Arteixo	15023314	IES de Sabón	HOTR0108	Operacións básicas de cociña	350	36.288,90
A Coruña	Arteixo	15023314	IES de Sabón	HOTR0109	Operacións básicas de pastelería	410	40.525,06
A Coruña	Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	COMT0211	Actividades auxiliares de comercio	270	27.452,96
A Coruña	Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	AFDA0119	Dinamización de actividades recreativas en parques de aventuras en altura	330	32.789,32
A Coruña	Culleredo	15005749	CIFP Universidade Laboral	MAPN0712	Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo	850	51.150,13
A Coruña	Ferrol	15006754	CIFP Ferrolterra	ENAE0111	Operacións básicas na montaxe e no mantemento de instalacións de enerxías renovables	540	51.338,27
A Coruña	Ferrol	15006754	CIFP Ferrolterra	MAMD0209	Traballos de carpintería e moble	300	30.314,56
A Coruña	Ferrol	15006754	CIFP Ferrolterra	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31
A Coruña	Ferrol	15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	COMT0112	Actividades de xestión do pequeno comercio	530	34.907,03
A Coruña	Ferrol	15021469	CIFP Leixa	SANT0208	Transporte sanitario	560	49.751,27
A Coruña	Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	ELES0108	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios	450	42.045,08
A Coruña	Ponteceso	15026406	IES Eduardo Pondal	TMVL0209	Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos	630	58.783,61
A Coruña	Pontedeume	15025682	CIFP Fraga do Eume	HOTR0108	Operacións básicas de cociña	350	36.288,90
A Coruña	Pontes de García Rodríguez, As	15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31



Provincia	Concello	Código de centro	Centro	Código de certificado	Certificado	Horas	Importe total (€)
A Coruña	Ribeira	15014556	CIFP Coroso	IMAI0108	Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica	480	42.655,14
A Coruña	Ribeira	15014556	CIFP Coroso	TMVG0409	Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares	520	49.812,82
A Coruña	Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	ELES0209	Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos	420	40.904,29
A Coruña	Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	TMVG0309	Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles	480	46.748,65
A Coruña	Santiago de Compostela	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	SEAG0210	Operación de estacións de tratamento de augas	540	50.200,58
A Coruña	Santiago de Compostela	15016000	CIFP Compostela	ARGI0310	Impresión en serigrafía e tampografía	450	42.525,59
A Coruña	Santiago de Compostela	15016000	CIFP Compostela	HOTR0509	Repostaría	500	48.016,18
A Coruña	Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade	IMPE0108	Servizos auxiliares de estética	360	31.131,91
A Coruña	Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade	SANTO208	Transporte sanitario	560	49.751,27
A Coruña	Laracha, A	15027654	IES Agra de Leborís	COML0110	Actividades auxiliares de almacén	210	23.386,84
Lugo	Burela	27013934	IES Perdouro	ELES0208	Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios	380	37.247,43
Lugo	Chantada	27003175	IES Val do Asma	TMVL0109	Operacións auxiliares de mantemento de carrozaría de vehículos	310	33.041,31
Lugo	Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	ELEQ0111	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos	390	37.533,03
Lugo	Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	SANTO208	Transporte sanitario	560	49.751,27
Lugo	Lugo	27006528	CIFP As Mercedes	COML0110	Actividades auxiliares de almacén	210	23.386,84
Lugo	Lugo	27006528	CIFP As Mercedes	IMAI0108	Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica	480	42.655,14
Lugo	Lugo	27016455	IES Sanxillao	HOTR0109	Operacións básicas de pastelería	410	40.525,06
Lugo	Mondoñedo	27006966	IES Plurilingüe San Rosendo	AGAO0108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría	330	31.051,67
Lugo	Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	ELEE0108	Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas	220	25.252,66
Lugo	Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	IMPE0108	Servizos auxiliares de estética	360	31.131,91
Lugo	Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	40.628,12
Lugo	Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31
Lugo	Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	440	40.963,92
Lugo	Vilalba	27013326	IES Lois Peña Novo	IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos	370	37.524,05
Lugo	Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	TMVG0309	Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles	480	46.748,65
Ourense	Carballiño, O	32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31



Provincia	Concello	Código de centro	Centro	Código de certificado	Certificado	Horas	Importe total (€)
Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	IFCT0108	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos	370	37.524,05
Ourense	Ourense	32009116	IES 12 de Outubro	IMPQ0108	Servizos auxiliares de peiteado	330	28.152,53
Ourense	Ourense	32009131	IES Universidade Laboral	TMVL0109	Operacións auxiliares de mantemento de carrozaría de vehículos	310	33.041,31
Ourense	Ourense	32015050	CIFP A Farixa	AFDP0109	Socorrismo en instalacións acuáticas	370	33.917,98
Ourense	Ourense	32015050	CIFP A Farixa	ELES0208	Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios	380	37.247,43
Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello	COML0110	Actividades auxiliares de almacén	210	23.386,84
Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello	SSCS0208	Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	40.628,12
Ourense	Ribadavia	32015475	IES O Ribeiro	TMVL0109	Operacións auxiliares de mantemento de carrozaría de vehículos	310	33.041,31
Ourense	Verín	32013582	IES García-Barbón	COMT0211	Actividades auxiliares de comercio	270	27.452,96
Ourense	Vilamarín	32016285	CIFP de Vilamarín	HOTR0108	Operacións básicas de cociña	350	36.288,90
Ourense	Vilamarín	32016285	CIFP de Vilamarín	HOTR0109	Operacións básicas de pastelería	410	40.525,06
Pontevedra	Bueu	36019463	IES Johan Carballeira	IMPP0108	Coidados estéticos de mans e pés	360	35.195,97
Pontevedra	Cambados	36019396	IES Francisco Asorey	ADGG0408	Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	430	37.098,60
Pontevedra	Cañiza, A	36015101	IES da Cañiza	TMVL0109	Operacións auxiliares de mantemento de carrozaría de vehículos	310	33.041,31
Pontevedra	Estrada, A	36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31
Pontevedra	Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	ADGG0508	Operacións de gravación e tratamento de datos y documentos	440	37.660,37
Pontevedra	Lalín	36013758	IES Laxeiro	IMAQ0108	Mantemento e montaxe mecánica de equipamento industrial	590	55.806,89
Pontevedra	Marín	36015159	IES Chan do Monte	IMAR0208	Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción	500	42.119,27
Pontevedra	Poio	36025219	CIFP de Cantería de Galicia	IEXD0108	Elaboración da pedra natural	640	54.052,65
Pontevedra	Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	AGAJ0108	Actividades auxiliares en floraría	390	32.774,11
Pontevedra	Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa	INAD0108	Operacións auxiliares de elaboración na industria alimentaria	300	31.581,50
Pontevedra	Pontevedra	36006419	CIFP Montecelo	AGAX0208	Actividades auxiliares en agricultura	370	32.180,33
Pontevedra	Pontevedra	36006419	CIFP Montecelo	IMPE0108	Servizos auxiliares de estética	360	31.131,91
Pontevedra	Pontevedra	36006730	IES Frei Martín Sarmiento	IMPQ0208	Peiteado	710	59.987,84
Pontevedra	Pontevedra	36014489	CIFP A Xunqueira	MAMD0209	Traballos de carpintería e moble	300	30.314,56
Pontevedra	Pontevedra	36014489	CIFP A Xunqueira	TMVG0209	Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos	520	48.917,15
Pontevedra	Pontevedra	36020064	CIFP Carlos Oroza	HOTR0108	Operacións básicas de cociña	350	36.288,90
Pontevedra	Pontevedra	36020064	CIFP Carlos Oroza	HOTR0109	Operacións básicas de pastelería	410	40.525,06



Provincia	Concello	Código de centro	Centro	Código de certificado	Certificado	Horas	Importe total (€)
Pontevedra	Porriño, O	36019529	IES Ribeira do Louro	EOCB0208	Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubricións	320	31.622,14
Pontevedra	Redondela	36019566	IES de Chapela	SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	40.628,12
Pontevedra	Sanxenxo	36019256	IES de Vilalonga	TMVG0109	Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos	310	33.041,31
Pontevedra	Valga	36020362	IES Plurilingüe de Valga	FMEE0108	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	440	40.963,92
Pontevedra	Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio	INAF0108	Panadaría e bolaría	530	50.487,95
Pontevedra	Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio	SANT0208	Transporte sanitario	560	49.751,27
Pontevedra	Vigo	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	ENAE0108	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	540	52.191,54
Pontevedra	Vigo	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	IMAI0108	Operacións de fontanaría e calefacción-climatización doméstica	480	42.655,14
Pontevedra	Vigo	36024461	CIFP Audiovisual de Vigo	IMSV0108	Asistencia á produción cinematográfica e de obras audiovisuais	490	45.726,47
Pontevedra	Vigo	36024461	CIFP Audiovisual de Vigo	IMSV0109	Montaxe e posprodución de audiovisuais	510	46.320,25
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36013771	CIFP Fontecarmoa	AFDP0109	Socorrismo en instalacións acuáticas	370	33.917,98
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36013771	CIFP Fontecarmoa	SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	450	40.628,12
Custos totais de docencia e formación							3.574.649,02
Gastos Seguridade Social							220.824,98
<b>TOTAL</b>							<b>3.795.474,00</b>

